

# O Museo do Pobo profundará máis na figura de Rafael Baltar cunha xornada

O Museo do Pobo Galego acollerá a longo deste mes varias actividades en torno a Rafael Baltar, arquitecto, profesor e presidente da primeira xunta xestora da entidade e membro do seu Padroado. Á exposición que acolle desde principios do pasado xuño no claustro alto de Bonaval, sumaralle o vindeiro martes «Amizade en torno a Baltar», unha xornada de diálogo e conversa ao redor da súa figura. Nela, profesionais de diversos ámbitos conversarán sobre a obra e legado deste compostelán.

A actividade, que comezará ás 16.15 horas, contará coa participación do historiador Ramón Villares, que xunto coas comisarias da mostra, Paula Franjo e Sandra González Álvarez, abordará o contexto compostelán. Posteriormente, o arquitecto Fernando Agrasar profundará na obra de Baltar, Bartolomé e Almuiña. Mónica Mesejo, en conversa con Cristóbal Crespo e Juan Prieto, fará unha aproximación á experiencia docente de Baltar. O peche das sesións será coa sección «Escolmas», cun diálogo entre Ramón Baltar, Myriam Golubof e Felipe Peña, en conversa con Pablo Gallego.

Esta actividade está orga-



A mostra sobre Baltar pode visitarse ata o día 27. **X. A. SOLER**

nizada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a súa delegación en Santiago, a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña e o Museo do Pobo Galego. A inscrición para asistir está aberta.

Tamén haberá unha visita guiada á mostra «Rafael Baltar. Testemuña dun tempo» para socios e socias do Museo o día 12 ás 11.30 horas, guiada polas comisarias. É necesario anotarse antes do día 10. A exposición, que percorre algúns dos momentos clave da cultura arquitectónica galega do último terzo do século XX a través da figura de Rafael Baltar, permanecerá aberta ata o día 27.

Ademais das propostas en torno ao arquitecto compos-

telán, o Museo do Pobo organiza o día 10, na ala sur, a conferencia «Frazadas con flores de Chiloé», de Trinidad Flaño Mandujano, investigadora e directora do Comité Nacional de Conservación Téxtil de Chile, que rastrexou as orixes dos diversos deseños e técnicas das frazadas de flores características do arquipélago de Chiloé. Ademais, traza unha conexión entre estes obxectos e os cobertores ou colchas de Galicia, como as que forman parte dos fondos da colección do Museo do Pobo.

Por outra banda, o auditorio acollerá o día 23 o primeiro Seminario Internacional de Arquitectura en Compostela, organizado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.